# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE GUILLAREI

CURSO: 3º

MATERIA: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua galega e literatura, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Valores sociais e Cívicos.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| MATEMÁTICAS | | |
|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **C.C.** |
| MT-B1.1 | 3º-MTB1.1.1 - Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).. | CCL CMCT CAA |
| MT-B1.1 | 3º-MTB1.1.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc. | CMCT CAA CSIEE |
| MT-B1.2 | 3º-MTB1.2.1 - Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea. | CMCT CAA CSIEE |
| MT-B1.3 | 3º-MTB1.3.1 - Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. | CMCTCD CAA |
| MT-B2.1 | 3º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 10.000. | CMCT CCL |
| MT-B2.1 | 3º-MTB2.1.2 - Aproxima números á decena, centena e millar. | CMCT |
| MT-B2.2 | 3º-MTB2.2.1 - Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes. | CMCT |
| MT-B2.2 | 3º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000 | CMCT CAA CCL |
| MT-B2.2 | 3º-MTB2.2.3 - Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada | CMCT CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | unha das súas cifras. | |
| MT-B2.3 | 3º-MTB2.3.1 - Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental. | CMCT |
| MT-B2.3 | 3º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados. | CMCT CAA |
| MT-B2.3 | 3º-MTB2.3.3 - Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto. | CMCT |
| MT-B2.3 | 3º-MTB2.3.5 - Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división. | CMCT |
| MT-B2.4 | 3º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento. | CMCT CAA |
| MT-B2.4 | 3º-MTB2.4.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT CAACSIEE |
| MT-B3.1 | 3º-MTB3.1.1 - Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso. | CMCT |
| MT-B3.1 | 3º-MTB3.1.2 - Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. | CMCT CAA |
| MT-B3.2 | 3º-MTB3.2.1 - Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple. | CMCT |
| MT-B3.2 | 3º-MTB3.2.2 - Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. | CMCT |
| MT-B3.3 | 3º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude. | CMCT |
| MT-B3.3 | 3º-MTB3.3.2 - Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos | CCL CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | os procedementos realizados. | |
| MT-B3.3 | 3º-MTB3.3.3 - Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais. | CCL CAA |
| MT-B3.6 | 3º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT CAA CSIEE |
| MT-B4.5 | 3º-MTB4.5.2 - Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo. | CMCT CAA CCL |
| MT-B4.6 | 3º-MTB4.6.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento. | CMCT CAA |
| MT-B4.6 | 3º-MTB4.6.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | CMCT CAACSIEE |
| MT-B5.1 | 3º-MTB5.1.1 - Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas. | CMCT CAA |
| MT-B5.1 | 3º-MTB5.1.2 - Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación. | CMCT CAA |
| MT-B5.1 | 3º-MTB5.1.3 - Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita. | CMCT CAA |
| **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | | |

| Criterio de avaliación | Estándares | C.C. |
|---|---|---|
| LC-B1.1 | 3º-LCB1.1.1 - Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. | CCL CAA CSC |
| LC-B1.1 | 3º-LCB1.1.2 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. | CCL CAA CSC |
| LC-B1.2 | 3º-LCB1.2.1 - Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes. | CCL |
| LC-B1.2 | 3º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas. | CCL |
| LC-B1.3 | 3º-LCB1.3.1 - Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: Diálogos Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. | CCL CD CAA CSC CSIEE |
| LC-B1.4 | 3º-LCB1.4.1 - Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. | CCL |
| LC-B1.4 | 3º-LCB1.4.2 - Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. | CCL CAA |
| LC-B1.5 | 3º-LCB1.5.1 - Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas. | CCL CAA |
| LC-B1.5 | 3º-LCB1.5.3 - Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal. | CCL |
| LC-B1.6 | 3º-LCB1.6.1 - Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información. | CCL CD CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| LC-B1.6 | 3º-LCB1.6.2 - Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. | CCL CSC |
| LC-B1.6 | 3º-LCB1.6.3 - Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. | CCL CD CAA CSC |
| LC-B1.7 | 3º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. | CCL CAA CCEC |
| LC-B1.7 | 3º-LCB1.7.2 - Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios. | CCL CAA CCEC |
| LC-B1.8 | 3º-LCB1.8.1 - Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos. | CCL CAA CCEC |
| LC-B2.1 | 3º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. | CCL |
| LC-B2.1 | 3º-LCB2.1.2 - Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia. | CCL |
| LC-B2.2 | 3º-LCB2.2.1 - Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual. | CCL CAA |
| LC-B2.2 | 3º-LCB2.2.2 - Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | CCL CAA |
| LC-B2.2 | 3º-LCB2.2.3 - Elabora glosarios coas novas palabras. | CCL CAA |
| LC-B2.3 | 3º-LCB2.3.1 - Identifica as palabras clave dun texto. | CCL CAA |

| | | |
|---|---|---|
| LC-B2.3 | 3º-LCB2.3.3 - Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes. | CCL CAA |
| LC-B2.3 | 3º-LCB2.3.4 - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. | CCL CAA |
| LC-B2.3 | 3º-LCB2.3.5 - Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado. | CCL CAA |
| LC-B2.4 | 3º-LCB2.4.1 - Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria. | CCL |
| LC-B2.4 | 3º-LCB2.4.2 - Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias. | CCL |
| LC-B2.4 | 3º-LCB2.4.3 - Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título. | CCL CAA |
| LC-B2.5 | 3º-LCB2.5.1 - Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula. | CCL CD CAA |
| LC-B2.6 | 3º-LCB2.6.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros. | CCL CSC |
| LC-B2.7 | 3º-LCB2.7.1 - Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. | CCL CAA CSC |
| LC-B2.7 | 3º-LCB2.7.2 - Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade. | CCL CAA CSC |
| LC-B2.8 | 3º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información. | CCL CD CAA |
| LC-B3.1 | 3º-LCB3.1.1 - Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas. | CCL CD CAA |
| LC-B3.1 | 3º-LCB3.1.2 - Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. | CCL |

| | | |
|---|---|---|
| LC-B3.1 | 3º-LCB3.1.3 - Reproduce textos ditados sinxelos. | CCL |
| LC-B3.1 | 3º-LCB3.1.4 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | CCL CAA |
| LC-B3.2 | 3º-LCB3.2.1 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | CCL CSC |
| LC-B3.4 | 3º-LCB3.4.2 - Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics. | CCL CD CAA CSIEE |
| LC-B3.5 | 3º-LCB3.5.1 - Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas. | CCL CSC |
| LC-B3.6 | 3º-LCB3.6.1 - Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información. | CCL CD CAA |
| LC-B3.7 | 3º-LCB3.7.1 - Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel. | CCL CAA CSIEE |
| LC-B4.1 | 3º-LCB4.1.1 - Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción. | CCL |
| LC-B4.1 | 3º-LCB4.1.2 - Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. | CCL |
| LC-B4.1 | 3º-LCB4.1.3 - Diferenza familias de palabras. | CCL |
| LC-B4.1 | 3º-LCB4.1.4 - Utiliza as normas ortográficas básicas. | CCL |

| | | |
|---|---|---|
| LC-B4.2 | 3º-LCB4.2.1 - Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. | CCL |
| LC-B4.2 | 3º-LCB4.2.2 - Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. | CCL |
| LC-B4.2 | 3º-LCB4.2.3 - Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado. | CCL |
| LC-B4.3 | 3º-LCB4.3.2 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. | CCL |
| LC-B4.3 | 3º-LCB4.3.3 - Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. | CCL |
| LC-B4.3 | 3º-LCB4.3.4 - Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. | CCL |
| LC-B4.5 | 3º-LCB4.5.1 - Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma. | CCL CSC |
| LC-B5.1 | 3º-LCB5.1.1 - Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información. | CCL CCEC |
| LC-B5.2 | 3º-LCB5.2.1 - Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | CCL CCEC |
| LC-B5.2 | 3º-LCB5.2.2 - Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) | CCL CAA |
| LC-B5.4 | 3º-LCB5.4.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. | CCL CAA CSIEE CCEC |
| LC-B5.5 | 3º-LCB5.5.1 - Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou | CCL CAA CSC CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | cancións. | |
| LC-B5.6 | 3º-LCB5.6.1 - Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade. | CCL CAA CCEC CSC |
| LC-B5.7 | 3º-LCB5.7.1 - Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | CCL CSC CCEC |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **C.C.** |
| LG-B1.1 | 3º-LGB1.1.1 - Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. | CCL CAA |
| LG-B1.1 | 3º-LGB1.1.2 - Identifica quen, que e onde nunha noticia. | CCL CAA |
| LG-B1.1 | 3º-LGB1.1.3 - Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información. | CCL CSC |
| LG-B1.2 | 3º-LGB1.2.1 - Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. | CCL CD CAA CSC |
| LG-B1.2 | 3º-LGB1.2.2 - Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe | CCL CD CAA CSIEE |

| | | |
|---|---|---|
| LG-B1.3 | 3º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente. | CCL CAA CSC CSEIEE |
| LG-B1.3 | 3º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión. | CCL CAA |
| LG-B1.3 | 3º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. | CCL CAA CSIEE |
| LG-B1.3 | 3º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en grupo. | CCL CSIEE CAA CCL |
| LG-B1.4 | 3º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper. | CCL CSC |
| LG-B1.4 | 3º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala. | CCL CSC |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | CCL CSC CAA |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | CCL CSC CCEC |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.3 - Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | CCL CSC CCEC |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.4 - Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais. | CCL CSC CCEC |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.5 - Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas. | CCL CSC CCEC |
| LG-B1.5 | 3º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | CCL CSC CCEC CAA |
| LG-B1.6 | 3º-LGB1.6.1 - Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. | CCL CAA |

| | | |
|---|---|---|
| LG-B1.6 | 3º-LGB1.6.2 - Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. | CCL |
| LG-B1.6 | 3º-LGB1.6.3 - Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega. | CCL CCEC |
| LG-B1.7 | 3º-LGB1.7.1 - Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. | CCL CD CAA CSIEE CSC |
| LG-B1.8 | 3º-LGB1.8.1 - Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL CAA CSIEE |
| LG-B1.9 | 3º-LGB1.9.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo | CCL CAA CCEC CSIEE |
| LG-B1.10 | 3º-LGB1.10.1 - Usa, de forma xeral, unha linguaxe non sexista. | CCL CSC |
| LG-B1.10 | 3º-LGB1.10.2 - Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | CCL CSC |
| LG-B1.12 | 3º-LGB1.12.2 - Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | CCL CCEC CSC |
| LG-B2.1 | 3º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. | CCL CD CSC |
| LG-B2.1 | 3º-LGB2.1.2 - Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). | CCL |
| LG-B2.1 | 3º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. | CCL CAA CSIEE |
| LG-B2.1 | 3º-LGB2.1.5 - Identifica a estrutura xeral dun texto. | CCL |
| LG-B2.2 | 3º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. | CCL CAA CSC CSIEE CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| LG-B2.3 | 3º-LGB2.3.1 - Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. | CCL CAA |
| LG-B2.3 | 3º-LGB2.3.2 - Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo. | CCL CAA |
| LG-B2.4 | 3º-LGB2.4.1 - Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. | CCL CAA |
| LG-B2.4 | 3º-LGB2.4.2 - Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión,cando é preciso. | CCL CAA |
| LG-B2.6 | 3º-LGB2.6.1 - Descodifica sen dificultade as palabras. | CCL CAA |
| LG-B2.6 | 3º-LGB2.6.2 - Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. | CCL |
| LG-B2.6 | 3º-LGB2.6.3 - Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade | CCL CSC |
| LG-B2.7 | 3º-LGB2.7.1 - Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento. | CCL CAA CSC |
| LG-B2.7 | 3º-LGB2.7.2 - Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | CCL CAA CSC |
| LG-B2.7 | 3º-LGB2.7.3 - Participa en actividades literarias do centro. | CCL CSC CCEC |
| LG-B2.8 | 3º-LGB2.8.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros. | CCL CAA CSC |
| LG-B2.9 | 3º-LGB2.9.1 - Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. | CCL CAA CSC CCEC |
| LG-B2.10 | 3º-LGB2.10.1 - Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias. | CCL |
| LG-B3.1 | 3º-LGB3.1.2 - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. | CCL CAA CSIEE |

| | | |
|---|---|---|
| LG-B3.1 | 3º-LGB3.1.3 - Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). | CCL |
| LG-B3.1 | 3º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe. | CCL CSC CCEC |
| LG-B3.2 | 3º-LGB3.2.1 - Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións | CCL CAA CD |
| LG-B3.2 | 3º-LGB3.2.2 - Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo. | CCL CSC CCEC CAA |
| LG-B3.2 | 3º-LGB3.2.4 - Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión. | CCL CSC CAA |
| LG-B3.2 | 3º-LGB3.2.5 - Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. | CCL CSC CAA |
| LG-B3.3 | 3º-LGB3.3.1 - Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións...) para obter e comunicar información. | CCL CAA CSIEE |
| LG-B3.4 | 3º-LGB3.4.1 - Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics. | CCL CSC CCEC CAA CSIEE |
| LG-B3.6 | 3º-LGB3.6.1 - Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos. | CCL CD CSIEE |
| LG-B3.6 | 3º-LGB3.6.2 - Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. | CD CSIEE |
| LG-B3.7 | 3º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado. | CCL CD CAA |

| | | |
|---|---|---|
| LG-B3.7 | 3º-LGB3.7.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | CCL CSC |
| LG-B4.1 | 3º-LGB4.1.3 - Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. | CCL CAA |
| LG-B4.1 | 3º-LGB4.1.4 - Identifica nun texto substantivos e adxectivos. | CCL CAA |
| LG-B4.1 | 3º-LGB4.1.5 - Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo. | CCL CAA |
| LG-B4.2 | 3º-LGB4.2.1 - Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL |
| LG-B4.2 | 3º-LGB4.2.2 - Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas. | CSC CCEC |
| LG-B4.3 | 3º-LGB4.3.1 - Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación. | CCL |
| LG-B4.3 | 3º-LGB4.3.2 - Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. | CCL |
| LG-B4.3 | 3º-LGB4.3.3 - Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono. | CCL CSC CCEC |
| LG-B4.6 | 3º-LGB4.6.1 - Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. | CCL CAA |
| LG-B4.6 | 3º-LGB4.6.2 - Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas. | CCL CAA |
| LG-B4.7 | 3º-LGB4.7.1 - Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | CCL CCEC |
| LG-B4.8 | 3º-LGB4.8.1 - Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. | CCL CCEC CCL |
| LG-B5.1 | 3º-LGB5.1.1 - Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega | CCL CAA CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. | |
| LG-B5.1 | 3º-LGB5.1.2 - Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | CCL CCEC |
| LG-B5.2 | 3º-LGB5.2.1 - Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | CCL CCEC CD |
| LG-B5.2 | 3º-LGB5.2.2 - Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | CCL CCEC CD |
| LG-B5.3 | 3º-LGB5.3.1 - É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro. | CCL CCEC |
| LG-B5.4 | 3º-LGB5.4.1 - Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | CCL CCEC CSC |
| LG-B5.5 | 3º-LGB5.5.1 - Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios. | CCL |
| LG-B5.6 | 3º-LGB5.6.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | CCL CSC CCEC |
| LG-B5.7 | 3º-LGB5.7.1 - Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | CCL CCEC |
| | **CIENCIAS DA NATUREZA** | |
| **Criterio de** | **Estándares** | **C.C.** |

| avaliación | | |
|---|---|---|
| CN-B1.1 | 3º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes. | CAA CCL CMCT CSIEE CD |
| CN-B1.1 | 3º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | CAA CMCT CSIEE |
| CN-B1.2 | 3º-CNB1.2.1 - Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información. | CAA CMCTCSIEE |
| CN-B1.3 | 3º-CNB1.3.1 - Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | CAA CMCT CSC CSIEE |
| CN-B2.1 | 3º-CNB2.1.1 - Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. | CMCT |
| CN-B2.1 | 3º-CNB2.1.2 - Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. | CMCT |
| CN-B2.2 | 3º-CNB2.2.1 - Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. | CMCT CSC |
| CN-B2.2 | 3º-CNB2.2.2 - Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. | CMCT |
| CN-B2.3 | 3º-CNB2.3.1 - Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. | CMCT |
| CN-B2.3 | 3º-CNB2.3.2 - Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola. | CMCT CSCCSIEE |
| CN-B3.1 | 3º-CNB3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e | CMCT CSIEE |

| | | |
|---|---|---|
| | invertebrados do seu contorno, con criterio científico. | |
| CN-B3.1 | 3º-CNB3.1.2 - Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico. | CMCT CCL CSIEE |
| CN-B3.1 | 3º-CNB3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas. | CMCT CAA |
| CN-B3.2 | 3º-CNB3.2.1 - Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes. | CMCT |
| CN-B3.2 | 3º-CNB3.2.2 - Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. | CMCT CCL CSIEE CD |
| CN-B4.2 | 3º-CNB4.2.1 - Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián. | CMCT CCL |
| CN-B4.3 | 3º-CNB4.3.1 - Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. | CMCT |
| CN-B4.3 | 3º-CNB4.3.2 - Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados. | CMCT |
| **CIENCIAS SOCIAIS** | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **C.C.** |
| CS-B1.1 | 3º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | CAA CCL CD CMCT |
| CS-B1.1 | 3º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades | CSIEE CAA CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| CS-B1.2 | 3º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. | CSC CAA CMCT |
| CS-B1.3 | 3º-CSB1.3.1 - Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. | CCL CMCT CSC |
| CS-B2.1 | 3º-CSB2.1.1 - Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC. | CMCT CD |
| CS-B2.2 | 3º-CSB2.2.1 - Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. | CMCT CCL |
| CS-B2.2 | 3º-CSB2.2.2 - Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres. | CMCT CCL |
| CS-B2.2 | 3º-CSB2.2.3 - Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais. | CMCT CCL |
| CS-B2.3 | 3º-CSB2.3.1 - Identifica, nomea e describe as capas da Terra. | CMCT CCL |
| CS-B2.3 | 3º-CSB2.3.2 - Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos. | CMCT CCL CAA |
| CS-B2.4 | 3º-CSB2.4.1 - Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. | CMCT CCL |
| CS-B2.5 | 3º-CSB2.5.1 - Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel. | CMCT CAA |
| CS-B2.6 | 3º-CSB2.6.1 - Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento. | CMCT CAA |

| | | |
|---|---|---|
| CS-B2.7 | 3º-CSB2.7.1 - Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. | CMCT CCL |
| CS-B2.8 | 3º-CSB2.8.1 - Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos. | CMCT CD CAA |
| CS-B2.9 | 3º-CSB2.9.1 - Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións. | CSIEE CAA CMCT |
| CS-B2.10 | 3º-CSB2.10.1 - Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais. | CAA CMCT |
| CS-B2.11 | 3º-CSB2.11.1 - Diferencia entre clima e tempo atmosférico. | CMCT |
| CS-B2.11 | 3º-CSB2.11.2 - Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna. | CMCT CCL |
| CS-B2.12 | 3º-CSB2.12.1 - Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga. | CMCT CAA |
| CS-B2.13 | 3º-CSB2.13.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma. | CMCT CCL |
| CS-B2.14 | 3º-CSB2.14.1 - Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma. | CMCT CAA |
| CS-B2.15 | 3º-CSB2.15.1 - Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo. | CSC CCL |
| CS-B2.15 | 3º-CSB2.15.2 - Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo | CSC CCL |
| CS-B2.15 | 3º-CSB2.15.3 - Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable. | CSC CCL |

| | | |
|---|---|---|
| CS-B3.1 | 3º-CSB3.1.1 - Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima. | CSC CCL |
| CS-B3.2 | 3º-CSB3.2.1 - Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. | CSC CEC |
| CS-B3.3 | 3º-CSB3.3.1 - Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas. | CSC CMCT CCL |
| CS-B3.4 | 3º-CSB3.4.1 - Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna. | CMCT CCL |
| CS-B3.5 | 3º-CSB3.5.1 - Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación. | CSC |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS** | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **C.C.** |
| VSC-B1.1 | 3º-VSCB1.1.1 - Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións. | CSC CSIEE |
| VSC-B1.1 | 3º-VSCB1.1.2 - Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. | CSC CC. |
| VSC-B1.2 | 3º-VSCB1.2.1 - Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | CSC CCL CSIEE |
| VSC-B1.3 | 3º-VSCB1.3.1 - Aplica o autocontrol á toma de decisión. | CSC CSIEE |
| VSC-B1.3 | 3º-VSCB1.3.2 - Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas. | CSC CSIEE |

| | | |
|---|---|---|
| VSC-B1.3 | 3º-VSCB1.3.3 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | CSC CSIEE CCL |
| VSC-B1.4 | 3º-VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. | CSC CSIEE |
| VSC-B1.4 | 3º-VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | CSC CSIEE |
| VSC-B1.4 | 3º-VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta. | CSCCAACSIEE |
| VSC-B1.5 | 3º-VSCB1.4.4 - Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. | CSCCSIEE CAA |
| VSC-B1.6 | 3º-VSCB1.6.1 - Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. | CSCCSIEE |
| VSC-B1.6 | 3º-VSCB1.6.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia. | CSCCCL |
| VSC-B1.7 | 3º-VSCB1.7.2 - Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. | CSC CSIEE |
| VSC-B2.1 | 3º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. | CCL CSC CSIEE |
| VSC-B2.1 | 3º-VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. | CCL CSC |
| VSC-B2.1 | 3º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. | CCL CAA CSIEE |
| VSC-B2.2 | 3º-VSCB2.2.1 - Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. | CCL CSC |
| VSC-B2.2 | 3º-VSCB2.2.2 - Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras | CAA CSIEE CSC CCL |

| | | |
|---|---|---|
| | persoas. | |
| VSC-B2.3 | 3º-VSCB2.3.2 - Amosa interese polos seus interlocutores. | CCL CSC |
| VSC-B2.5 | 3º-VSCB2.5.1 - Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. | CCL CSC CAA |
| VSC-B2.6 | 3º-VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | CSC |
| VSC-B2.6 | 3º-VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. | CSC CSIEE |
| VSC-B2.7 | 3º-VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais. | CSC |
| VSC-B2.7 | 3º-VSCB2.7.2 - Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas. | CSC |
| VSC-B2.8 | 3º-VSCB2.8.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo. | CSC CSIEE |
| VSC-B2.8 | 3º-VSCB2.8.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.1 | 3º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.1 | 3º-VSCB3.1.2 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.1 | 3º-VSCB3.1.3 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.2 | 3º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | CAA CSIEE CSC |

| | | |
|---|---|---|
| VSC-B3.2 | 3º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva. | CSC CSIEE CAA |
| VSC-B3.3 | 3º-VSCB3.3.1 - Participa na elaboración das normas da aula. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.3 | 3º-VSCB3.3.2 - Respecta as normas do centro escolar. | CSC |
| VSC-B3.4 | 3º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo | CSC CSIEE |
| VSC-B3.4 | 3º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. | CCL CSC |
| VSC-B3.4 | 3º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito. | CSC CSIEE |
| VSC-B3.6 | 3º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | CSC CSIEE CSC CSIEE |
| VSC-B3.6 | 3º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | CSC CSIEE CSC CSIEE |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | A avaliación será continua e global. Terá en conta:<br>- O progreso do alumno en todas as áreas da programación.<br>- Os diferentes elementos da programación.<br>- A adquisición das competencias básicas.<br>- A necesidade de establecer medidas de reforzo educativo.<br>- Ao finalizar a etapa elaborarase un informe individualizado sobre o grao de adquisición das aprendizaxes.<br>Recibirán especial atención as áreas que teñan carácter instrumental para a adquisición doutros contidos.<br>En todas as áreas traballaranse:<br>- A comprensión lectora.<br>- A expresión oral e escrita.<br>- O cálculo<br>- A resolución de problemas enfocada cun carácter funcional e competencial.<br>Os procedementos fundamentais de avaliación son:<br>Probas específicas. Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. |
| | Os instrumentos de avaliación fundamentais son:<br>Probas abertas. Diario de clase. Caderno de clase. |
| **Cualificación final** | A cualificación final do curso obterase a partir da media aritmética dos tres trimestres. Así mesmo, o terceiro trimestre, debido as súas especiais circunstancias, calificarase partindo da avaliación do segundo trimestre, valorando que os contidos traballados no terceiro trimestre sumen, agás casos extraordinarios. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido ás especiais circunstancias nas que se desenvolve o treceiro trimestre, as áreas de ciencias sociais, ciencias da natureza e, valores sociais e cívicos; traballaranse dende unha perspectiva totalmente integrada nas áreas instrumentais (Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura e, Lingua Galega e Literatura).<br>As actividades plantexadas ao longo do terceiro trimestre buscaran repasar os contidos traballados nos dous primeiros trimestres, reforzando ao alumnado que o precise e ampliando a quen o demande.<br>Debido ao carácter integral das actividades anteriormente citado, o traballo dos contidos será competencial, procurando que o alumnado poda facer un uso práctico dos mesmos.<br>En calquera caso, as actividades e tarefas do terceiro trimestre teñen como obxectivo preparar ao alumnado para afrontar co maior éxito posible o curso 2020/2021. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O alumnado de terceiro curso, dispón de dispositivos de conexión na súa totalidade (ordenador ou tablet), pero unhas posibilidades de conexión moi heteroxéneas (en moitos casos a liña de datos do teléfono móbil dos seus familiares). Así, a metodoloxía empregada parte do condicionante dun tráfico de datos o máis baixo posible. O titor selecciona unhas tarefas que subirá en formato pdf a unha carpeta de Google Drive. Estas tarefas soen ir acompañadas de textos explicativos, lecturas...<br>No caso de ser preciso, as tarefas acompañaranse dun video explicativo realizado polo titor procurando que sexa o máis curto posible (condicionado por ese uso de datos anteriormente citado).<br>O alumnado realizará as tarefas no seu caderno e posteriormente envían fotos deste a un mail habilitado para tal fin.<br>Estas fotos son correxidas polo titor e remitidas de novo ao alumnado.<br>Cabe sinalar que o mail tamén está habilitado para consultas por parte do alumnado e/ou as familias, así como dispoñibilidade por parte do titor para o uso das videoconferencias no caso de que o alumnado precise explicacións máis pormenorizadas se a súa conexión o permite.<br>As especiais circunstancias nas que se desenvolve o terceiro trimestre, ofrecen (como aspecto positivo a nivel metodolóxico) a oportunidade de traballar aspectos comunicativos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. |

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | Destacan o uso de libros dixitais, google drive, do correo electrónico, do teléfono móbil (que usan as familias para fotografar as tarefas e envialas) e unha tableta gráfica usada polo docente para poder correxir escribindo sobre as propias fotos.<br>Cabe destacar tamén como recursos humáns (a maiores do equipo docente), a participación e colaboración das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado comunícase coas familias a través de diversas vías: Mensaxes a través de Abalar móbil, email, avisos na web do centro e chamadas telefónicas. |
| **Publicidade** | Publicarase na web do centro e facilitaráselle ás familias do alumnado se así o requiren. |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

CURSO: 2019/2020

CENTRO: Ceip. Plurilingüe de Guillarei

CURSO: 2019-2020

NIVEL: 3º de E.P.

MATERIA: Primeira lingua estranxeira : Lingua Inglesa

DATA: 03 de Maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

**1.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.................................... 3

2. Avaliación e cualificación.............................................................................. 7

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) ...............................................................................................10

4. Información e publicidade...............................................................................14

## 1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### 1.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Comprensión de textos escritos**

- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, da información esencial ou dos puntos principais do texto.
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorno), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.
- Identificar o sentido xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns, sempre que se poida reler ou pedir aclaracións e se conte con apoio visual e contextual.
- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. ex. unha felicitación, unha demanda de información, o un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. ex. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).
- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. ex. estrutura interrogativa para demandar información).
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses, e inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.
- Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. ex. punto, coma, interrogación, exclamación), así como símbolos de uso frecuente (p. ex. ☺, @, $, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

**Produción de textos escritos: expresión e interacción**

- Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. ex. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.

- Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos e aplicalos a unha produción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas.
- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e moi sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con certa frecuencia a forma correcta das convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu contorno máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares e predicibles.
- Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. ex. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. ex. saúdos para inicio e despedida para peche dunha carta, ou unha narración esquemática desenvolta en puntos).
- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como «e»), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. ex., tempos verbais ou na concordancia.
- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

## 1.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os estándares de aprendizaxe quedan incluídos como parte do currículo na Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa; e a Orde ECD/686/2014, do 23 de abril,

defíneos como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que os alumnos deben saber e saber facer en relación con cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliables e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzados.

Para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua inglesa os estándares de aprendizaxe definidos para cada un dos bloques desta área son:

- **Comprensión de textos escritos**
  1. Formula hipóteses sobre o contido de textos sinxelos partindo dos seus coñecementos previos, das ilustracións, do título, dos elementos gráficos, etc.
  2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús ou anuncios.
  3. Comprende unha secuencia moi breve e sinxela de instrucións para realizar p. ex. unha receita moi sinxela.
  4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias moi breves e artigos de revistas infantís que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (animais, deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

- **Produción de textos escritos: expresión e interacción**
  1. Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de información persoal (p. ex. gustos, títulos de contos lidos, opinións, etc.).
  2. É quen de construír textos narrativos sinxelos partindo de modelos moi estruturados.
  3. Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos) en que felicita a alguén, ou fala de si mesmo e do seu contorno inmediato (familia, amigos, obxectos, lugares).

## 1.3. TRATAMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Coa inclusión das competencias clave búscase favorecer o desenvolvemento inicial das competencias. A través deste curso, os alumnos traballan principalmente a competencia en comunicación lingüística coa que se contribúe ao desenvolvemento e á adquisición da lingua inglesa, e se lles permite aos nenos expresarse e comprender

mensaxes sinxelas. Tamén serve como introdución ás outras competencias clave que os nenos necesitan para desenvolverse na sociedade actual:

**1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia desenvolve o uso da lingua como ferramenta de comunicación. Implica a comprensión de mensaxes orais, a comunicación verbal, a lectura e a escritura. Os xogos e as actividades personalizadas motivan os nenos a falar desde o principio. A énfase na comprensión das mensaxes orais desenvólvese a través das historias, dos diálogos e das cancións, onde os nenos aprenden a escoitar e a extraer información relevante. A habilidade para ler e comprender textos introdúcese e desenvólvese sistematicamente .

**2. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía**

Estas competencias desenvolven a habilidade para utilizar números e o coñecemento lóxico para resolver problemas e utilizar a ciencia para explicar o mundo natural. Proporciónanse abundantes oportunidades para que os nenos apliquen o seu pensamento matemático no contexto cotián, como por exemplo: dicir a hora, usar táboas, completar enquisas ou secuenciar eventos.

Os alumnos empezan a ser conscientes do mundo que os arrodea e do efecto que a actividade humana ten sobre el.

**3. Competencia dixital**

Esta competencia implica o uso dos ordenadores e doutra tecnoloxía para a aprendizaxe, a comunicación e o lecer. A través da integración dos recursos dixitais e multimedia, os nenos desenvolven a súa confianza no manexo e funcionamento das novas tecnoloxías na clase de inglés. Nos primeiros niveis familiarízanse co uso do material interactivo e, en niveis superiores, buscan e contrastan información en Internet.

**4. Aprender a aprender**

Con esta competencia os nenos aprenden e toman conciencia de diferentes formas de organizar e xestionar a súa propia aprendizaxe. A incorporación da revisión das unidades fomenta o desenvolvemento da responsabilidade nos nenos que poden reflexionar sobre o seu propio progreso na aprendizaxe da materia. Ao longo do curso, preséntanselles oportunidades para que se apoien en experiencias vitais co fin de aplicar os seus coñecementos e facer uso delas.

**5. Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia proporciónalles aos alumnos as habilidades necesarias para participar plenamente da vida social e cívica. A colaboración e a tolerancia desenvólvense ao longo de todo o curso coa inclusión do traballo en parella e en grupo. Os nenos aprenden sobre hábitos de vida saudables, identifícanse cos personaxes das historias e familiarízanse coas normas sociais a través dos xogos, das actividades en parella e dos *role-plays*.

**6. Sentido da iniciativa e espírito de empresa**

Esta competencia desenvolve as destrezas dos alumnos para traballar proactivamente tanto de forma individual coma formando parte dun equipo. As actividades en que os nenos crean un produto fomentan o desenvolvemento desta competencia. Ao longo de todo o curso expóñenselles continuamente actividades ou tarefas en que teñen que usar a súa imaxinación e ser creativos. Impúlsase tamén o proceso de autoestima.

**7. Conciencia e expresión culturais**

Esta competencia desenvólvese a través dun amplo abano de actividades como poden ser as cancións, os *chants*, o teatro e as historias. Actuar coma os personaxes dentro do conto e representalos mediante mímica axuda os nenos a desenvolver as súas capacidades expresivas e creativas.

## 2- <u>**Avaliación e cualificación**</u>

### 2.1- **Procedementos**

Os procedementos de avaliación adecúoos ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante este terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter **continuo e global**, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna

Atendendo ós diferentes criterios, e partindo da época extraordinaria que estamos a vivir, non podemos levar a cabo as ferramentas que propón o currículo para seguir o proceso de avaliación na aula, polo que se modifican os procedementos da programación didáctica orixinal

No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento de carácter individual : traballos escritos, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

E respecto a avaliación **sumativa**, as probas escritas do terceiro trimestre non se poden facer debido ás clases non presenciais e a falta de recursos técnicos , pero a avaliación sumativa do terceiro trimestre basearase na presentación e valoración das producións escritas reflexadas na avaliación formativa e aos traballos de reforzo , a proposta da mestra, entregados polos alumnos .

Os procesos de avaliación adáptanse a flexibilidade que esixe estas avaliacións terceira e ordinaria.

2.2- **Instrumentos**

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book*
- Actividades de reforzo
- Actividades de repaso
- Actividades de ampliación
- Actividades voluntarias ( repaso que requiren medios técnicos)
- Actividades dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Actividades dixitais voluntarias de xogos e contos tradicionais : Online-learning Zone da E. Oxford.

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación referidas na Avaliación formativa.

**Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- O *self-evaluation* de cada unidade .
- Portfolio.

2.3- **Cualificación Final**

A avaliación e cualificación adáptase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre beneficiando ao alumnado.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais seguirá a ser continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo valorando os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con

obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terán valor positivo para a cualificación do alumnado.

Modificarei o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria tendo en conta os dous trimestres anteriores e os avances conseguidos neste terceiro trimestre, valorando o desenvolvemento das actividades propostas.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e o seu rexistro é a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** aplicaranse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Partindo do anteriormente exposto paso a detallar o procedemento de cualificación da avaliación final do curso.

- Cualificación positiva se os primeiro e segundo trimestres positivos. Considerarase a nota media e subirase, sempre que o traballo desenvolvido nesta época extraordinaria sexa positivo.
- A cualificación será positiva cun dos dous trimestres do curso suspensos, sempre que se realizaran as actividades de recuperación propostas a cada alumno-a particularmente, e tamén todas as demais do Activity Book, reforzo e ampliación.
- A cualificación será positiva se tendo os dous trimestres anteriores negativos, realizan as actividades propostas, as de reforzo, ampliación e as de recuperación propostas a cada un deles.
- A cualificación será negativa se tendo un ou dous trimestres suspensos, non fan as actividades propostas, nin as de recuperación, reforzo e ampliación.

## 3- Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, pero tamén faremos ampliación de contidos ,posto que xa iniciaramos o terceiro trimestre cando chegou toda esta situación ,fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo calidades adquiridas previamente.

### 3.1- Actividades

- **Actividades para** activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas de repaso xa traballados e do novo que se traballa . Actividades de repaso de vocabulario.

- **De desenvolvemento inc**luíndo diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais (***Vocabulary***).
- A lectura e comprensión de textos (***Reading***).
- As estruturas gramaticais (***Grammar***).
- A comprensión e a expresión escrita (***Writing***).
- Elimínanse a comprensión e expresión oral. ( No caso da comprensión por falta de medios técnicos, aínda que se propoñen actividades, non se pode facer de xeito obrigatorio.

- **De reforzo :** ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.
- **Ampliación:** actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades .

- Extra: son actividades de ampliación baseadas no repaso que soamente fan algún alumnos a demanda deles.

- Actividades de recuperación/ reforzo: Son as ofrecidas aos alumnos-as con máis dificultades de aprendizaxe e cunha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre.

- **De desenvolvemento de competencias clave**
  Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluirían:

    - Actividades interactivas
    - Actividades na lousa dixital
    - Actividades baseadas en distintos soportes
    - Actividades de investigación
    - Interpretacións de datos, gráficas, etc.
    - Textos culturais
    - Actividades nas que se traballan as emocións

- **De avaliación**

  **Actividades de avaliación formativa**, onde se avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:
    - Exercicios do *Activity Book*
    - *Worksheets*
    - *Outras actividades propostas (dixitais, investigación)*

  **Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:
    - O *self-evaluation* de cada unidade

- **Complementarias**
  Elimínanse no terceiro trimestre.

- Tamén eliminamos ,neste atípico terceiro trimestre, as actividades reflectidas no plan Lector da Aula de Inglés.

3.2- **Metodoloxía**

Como os alumnos-as non van regresar ás clases este curso, ao inicio do próximo curso 2020-21 levarase a cabo unha proba con carácter diagnóstico como referencia para programar o inicio do curso 2020-21.

No terceiro trimestre do presente curso valoraranse as actividades de Writing e reading, posto que ,ao non ter clases presencias é tendo en conta as dificultades atopadas , as actividades de listening e orais non se poden valorar, aínda que se enviaron vídeos e listenings mediante a páxina web do centro, no apartado específico de Inglés nas carpetas dos diferentes cursos.

Aos alumnos-as que non entregan as actividades solicitadas , ben por dificultades de medios técnicos , ( ausencia de dispositivos, rede,..) ou por abandono, se lles solicitarán as actividades ao final de maio, tendo que facelas chegar ao Centro para a súa valoración.

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp. E por suposto mediante os titores.

Para propoñer as actividades tiven en conta que:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos.
- A aprendizaxe a nivel de competencias.
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- A avaliación do proceso individual dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.
- Unha aprendizaxe permanente.

**3.3- Materiais e recursos didácticos**

Os materiais e recursos utilizados son:

- Libro de Actividades utilizado é Well Done -3 da E. Longman.

- Recursos na web *Oxford Online Learning Zone*, da E. Oxford, con práctica interactiva, xogos e contos tradicionais para ser utilizados na casa .
- Worksheets de repaso, reforzo, ampliación, vocabulario, reading,… fotocopiadas e entregadas aos alumnos.
- Fichas  de repaso cargadas na Páxina web do centro ( para a súa impresión ou realización na libreta de Inglés).
- Notebook.
- Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC .
- Recursos dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Plataforma dixital CliknPlay.

## 4- Información e publicidade

### 4.1- **Información ás familias**

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp.

### 4.2-**Publicidade**

Publicación obrigatoria na páxina web do Centro

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI
CURSO: 3º
MATERIA: ED. FÍSICA
DEPARTAMENTO: ED. FÍSICA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.<br>▪ B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.<br>▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. | ▪ B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. | ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| ▪ i | ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter | ▪ B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de | ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| | información, relacionada coa área.<br>▪ B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. | ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA, | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ TODOS |
| ▪ a<br>▪ k<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.<br>▪ B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.<br>▪ B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br>▪ B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio. | ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | ▪ EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCEC, CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | ▪ CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. | ▪ CSC, CAA | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | | | ▪ EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | ▪ CSC,<br>▪ CSIEE,<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| **BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN** | | | | | |
| ▪ b<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.<br>▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.<br>▪ B2.3. Autonomía persoal: autestima, expectativas realistas de éxito. | ▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. | ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| ▪ b<br>▪ k | ▪ B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción | ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo | ▪ EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | (principais músculos e articulacións).<br>▪ B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades.<br>Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.<br>▪ B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.<br>▪ B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude).<br>Organización temporal (duración, sucesión, ritmo).<br>Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento).<br>▪ B2.8. Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e dereita dos e das demais. | capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. | ▪ EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 1º |
| BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| ▪ b<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.<br>▪ B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.<br>▪ B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.<br>▪ B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.<br>▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. | ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | ▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| | | | ▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º e 3º |
| **BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS** | | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.<br>▪ B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.<br>▪ B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros | ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. | ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| | bailes do mundo.<br>▪ B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.<br>▪ B4.5. Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado.<br>B4.6. Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos. | | ▪ EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B4.7. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.<br>▪ B4.8. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. | ▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. | ▪ EFB4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| **BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE** | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.<br>▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.<br>▪ B5.3. Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación. | ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. | ▪ EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde. | ▪ CSC<br>▪ CSIE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 2º e 3º |
| | | | ▪ EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados. | ▪ CSC, CAA<br>▪ CCL, CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma. | ▪ CSC, CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| ▪ k | ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento | ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a | ▪ EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | psicobiolóxico. | intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. | ▪ EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| ▪ k | ▪ B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.<br>▪ B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas. | ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. | ▪ EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| **BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS** | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.<br>▪ B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.<br>▪ B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo. | ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades | ▪ EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| ▪ d<br>▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.<br>▪ B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase. | ▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. | ▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. | ▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 1º E 2º |
| | | | ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | TERCEIRO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.<br>▪ B6.7 Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado. | ▪ B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. | ▪ EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1º E 2º |
| | | | ▪ EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º |
| ▪ k<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B6.8. Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).<br>▪ B6.9. Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).<br>▪ B6.10. Coñecemento e coidado da contorno natural. | ▪ B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. | ▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>A avaliación será continua e global. Terá en conta:<br>O progreso do alumno en todas as unidades didácticas da programación tendo en conta o seguinte:<br>• O desenvolvemento cognitivo motriz do alumn@.<br>✓ Que o alumn@ supere os aspectos concretos establecidos nos criterios de avaliación.<br>✓ Que o alumn@ progrese respecto de él mesmo (da súa avaliación inicial).<br>• As actitudes e hábitos de conduta.<br>• Que o alumn@ desenvolva unhas determinadas actitudes e hábitos de conducta: asistencia a clase, si leva a roupa e calzado adecuado (deportivo), as normas hixiénicas e de seguridade, se pon interese, se participa, se esforza, respecta aos demais, o material e as instalacións.<br>En relación aos criterios de cualificación indicar que terán a seguinte valoración:<br>• Ámbito Cognitivo: 20 %<br>• Ámbito Motriz: 50 %<br>• Ámbito Socio-Afectivo: 30%</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>1. Ficha de rexistro persoal e datos corporais (peso, altura, etc)<br>2. Exames prácticos (aplicación práctica de contidos como por exemplos dirixir quecementos, etc).<br>3. Traballos teóricos (ampliar coñecementos sobre as UD traballadas, valores deportivos, etc).<br>4. Cuestionarios (cohesión grupal, test, ...)<br>5. Test físicos (DAFIS).<br>6. Rexistros anecdóticos.<br>7. Rúbricas.<br>8. Listas de control e comprobación.<br>9. Cuestionario de auto avaliación do mestre.<br>10. Fotografías e vídeos de traballos e probas concretas. (especialmente neste trimestre).</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final do curso obterase a partir da media aritmética dos 3 trimestres. Así mesmo, o terceiro trimestre, debido as súas especiais circunstancias, se calificará partindo da avaliación do segundo trimestre, valorando que os contidos traballados no terceiro trimestre sumen, agás nos casos extraordinarios.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>De momento na educación primaria non consta esta opción.</td></tr>
</table>

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | • Debido ás especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, as actividades propostas ao longo do terceiro trimestre buscaran repasar os contidos traballados nos dous primeiros trimestres, reforzando ao alumnado que o precise e ampliando a quen o demande.<br>• Debido ao carácter integral das actividades anteriormente citado, o traballo dos contidos será competencial, procurando que o alumnado poda facer un uso práctico dos mesmos.<br>• En calquera caso, as actividades e tarefas do terceiro trimestre teñen como obxectivo preparar ao alumnado para afrontar co maior éxito posible o curso 2020/2021. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • O alumnado non dispón de dispositivos de conexión en varios casos (en moitos casos a liña de datos do teléfono móbil dos seus familiares). Así, a metodoloxía empregada parte do condicionante dun tráfico de datos o máis baixo posible. Como especialista de educación física selecciono unhas tarefas que subo a unha carpeta de Google Drive. Estas tarefas soen ir acompañadas de textos explicativos, links a vídeos, propostas de tarefas, lecturas...<br>• O alumnado realizará as tarefas no súa casa a parte práctica ou no seu caderno as teóricas e posteriormente envían fotos e vídeos deste ao e-mail efguillarei@gmail.com habilitado para tal fin. Estas fotos e os vídeos son visualizados por min.<br>• Cabe sinalar que o e-mail tamén está habilitado para consultas por parte do alumnado e/ou as familias.<br>• As especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, ofrecen (como aspecto positivo a nivel metodolóxico) a oportunidade de traballar aspectos comunicativos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. |
| **Materiais e recursos** | • Destacan o uso de libros dixitais (5º e 6º curso), google drive, do correo electrónico, do teléfono móbil (que usan as familias para fotografar as tarefas e envialas).<br>• Cabe destacar tamén como recursos humanos (a maiores do equipo docente), a participación e colaboración das familias no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado. |

| 3. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | • A miña comunicación coas familias e o alumnado é a través das seguintes vías:<br>✓ Mensaxes a través do e-mail de educación física, avisos na web do centro, mensaxes e chamadas telefónicas con algunha familia concreta.<br>✓ Destacar a moita dificultade a comunicación con algunhas familias. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do noso centro (CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI). |

Adaptación da Programación Didáctica

Curso: 3º Educación Primaria

Materia: Educación Musical

Curso 2019-2020

segundo as

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ■ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. | ■ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br>■ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| ■ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. | ■ EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>■ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>■ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. |
| ■ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal. | ■ EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. |
| ■ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | ■ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| ■ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | ■ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>■ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| ■ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | ■ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>■ EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Atendendo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso académico, o proceso de avaliación centrarase nos contidos e nas competencias abordadas nos dous primeiros trimestres.<br>O traballo do terceiro trimestre estará enfocado a fomentar a creatividade do alumnado. Como se explicará noutro apartado, será da elección de cada alumno. Este traballo non se avaliará de xeito independente para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación (ata 2 puntos).<br><br>Procedementos:<br>- Análise e observación directa do traballo solicitado/enviado.<br>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para esta avaliación.<br>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).<br>- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).<br>- Interese e participación cara á área<br>- Entrega do traballo no prazo indicado.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>- Traballo do alumnado.<br>- Correo electrónico.<br>- Vía telefónica.<br>- Plataformas educativas.<br>- No caso de volver ás clases algunha proba para valorar o traballado neste trimestre.<br>- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Outros documentos gráficos ou textuais (fichas, libro de texto, etc.).<br>- Participación nas actividades propostas.<br>- Proxectos persoais.<br>- Representacións e dramatizacións.<br>- Elaboracións multimedia.<br>- Calquera outra actividade que sexa útil para ver o progreso, implicación e motivación do alumnado.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>O total da nota será a media das dúas primeiras avaliacións e, a partir desta nota, o traballo que fagan durante a terceira avaliación soamente servirá para subir a media que obteñan. Esta nota será obtida a partir dos instrumentos de avaliación indicados no apartado anterior.</td></tr>
</table>

| 1. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido ás peculiaridades da materia, e ao non poder realizarse traballo de canto e danza en grupo nin tocar en conxunto, as actividades propostas ao alumnado serán as seguintes:<br>• Retos musicais a través de audios e vídeos<br>• Seguimento de musicogramas<br>• Construción de instrumentos<br>• Realización de actividades do libro de texto |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O alumnado recibe as tarefas a través da páxina web do centro.<br>Para a revisión e corrección das tarefas enviarán as tarefas ao meu correo electrónico.<br>Ademais no mesmo correo poden escribir as súas dúbidas para que sexan contestadas.<br>No caso do alumnado que non dispón de medios para acceder ás tarefas, facilítanselle telefonicamente. |
| **Materiais e recursos** | - Será necesario dispositivo informático e conexión a internet. En caso de non dispoñer del, as tarefas pódense enviar vía whats app.<br>- Libro de texto<br>- Fichas de actividades.<br>- Recursos en liña.<br>- Recursos multimedia. |

| 1. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado comunícase coas familias a través de diversas vías:<br>- mensaxes a través de Abalar móbil<br>- correo electrónico<br>- avisos na web do centro<br>- chamadas telefónicas |
| **Publicidade** | Publicarase na páxina web do centro e facilitaráselle ás familias do alumnado se así o requiren. |